



CAMPO DE VOLUNTARIADO “TRADICIÓN EN VERDE” (LALIN - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
31/07-11/08/2020	18-30	Autonómico	Arqueolóxico e medioambiental	12

LOCALIZACIÓN



Este campo de voluntariado realizarase no concello pontevedrés de Lalín, a 50 km de Santiago de Compostela.

En Lalín hai uns trinta castros, que evidencian a prehistoria local, e tamén hai unha ducia máis de topónimos que amosan que houbo asentamentos semellantes, pero xa desaparecidos. Consérvanse, ademais, un centenar de mámoas, anteriores á época castrexa. Nun destes castros é onde faremos este campo de voluntariado.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO



Este campo de voluntariado, de carácter arqueolóxico, etnográfico e ambiental, persegue como obxectivos, por un lado, a participación na VII Campaña de Consolidación de Castro de Doade; e, por outra, a divulgación da cultura e o patrimonio galego a través de varias actuacións no Museo Etnográfico "Casa do Patrón" e o seu contorno: elaboración de material informativo, acondicionamento da área recreativa e sinalización da Ruta dos Muíños e da Ruta do Castro de Doade.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Excursión ás Rías Baixas: Conxunto histórico de Combarro (Poio) e Praia da Lanzada (O Grove)
- Tiro con arco
- Xogo de xeolocalización
- Obradoiros de cestería
- Baile e danzas tradicionais
- Visita guiada á vila de Lalín e aproximación á súa historia, cultura e recursos turísticos.
- Velada sobre lendas tradicionais galegas
- Visita á Fraga de Catasós
- Piscina fluvial de Vilatuxe
- Ciclo-ruta en BTT

ALOXAMENTO

As persoas participantes aloxaranse no Albergue Xuvenil Municipal "Vicente Agulló", situado na parroquia lalinense de Vilanova, na Finca Mouriscade.

<https://mouriscade.depo.gal/instalaciones>



INCORPORACIÓN

O primeiro día do campo de voluntariado a partir das 16.00 h no albergue municipal.

COMO CHEGAR

Santiago de Compostela dista 50 km de Lalín. Pódese chegar por estrada con www.monbus.es ou en tren.

Dende A Coruña pódese viaxar con www.arriva.gal directamente a Lalín. Outra posibilidade é viaxar vía Santiago de Compostela con www.monbus.es ou



CAMPO DE VOLUNTARIADO “TRADICIÓN EN VERDE” (LALIN - PONTEVEDRA)

combinando tren (A Coruña – Compostela) e bus. Dende Vigo por estrada a Lalín con www.monbus.es.

O servizo de bus Ourense – Lalín faíno tamén www.monbus.es e se se elixe viaxar en tren. www.renfe.es



COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Saco de durmir.
- Útiles de aseo, toalla de ducha e praia, chancletas.
- Calzado apropiado para as actividades e mochila pequena.
- Roupa cómoda para actividades, roupa de abrigo (caso de choiva).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude en Vigo. Tfno: 986 817 079

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

www.xacobeo.es. Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos

www.turgalicia.es. Portal de información turística de Galicia